

# O mar que se foi co sol

CARLOS FERNÁNDEZ

O pensamento de Anxo Rei Ballesteros é unha singular, curiosa e orixinal mestura de vangardismo e arcaísmo. O obxectivo de moitas vangardas históricas é o intento de fusionar arte e vida. O romantismo e o idealismo absoluto tratan, a cadansúa maneira, de suturar as feridas inflinxidas por unha modernidade esgallada en esferas, propoñendo un retorno ou recuperación de modos de vida supostamente unitarios. Se, para o romantismo, esa comunidade mítica onde a existencia se identificaba coa manifestación da existencia, a ética coa comunidade e a conduta co pensamento, adoitaba ser a *polis* grega, o vangardismo estético suprime a referencia a Grecia sen renunciar á idea de unidade, agora entendida como supresión da diferenza entre arte e vida.

Debilitada polas distintas catástrofes do século XX, a enerxía inicial das vangardas —moi dependente do combustible fornecido pola ideoloxía do Progreso— foi deixando paso a un crecente escepticismo sobre a necesidade de suturar a existencia do home moderno, non sendo a reserva menor neste sentido as experiencias “unificadoras” do fascismo e do comunismo. A conclusión tirada por moitos foi a idea do Lukács premarxista, que n’*A metafísica da traxedia*, propoñía a noción dun “momento privilexiado” no que o heroe trágico experimenta unha unidade perfecta de existencia e significado; momento privilexiado que é esencialmente un feito estético alieo á existencia concreta, onde ninguén goza nunca desa unidade, a non ser en momentos intersticiais que rompen a experiencia do tempo. No caldo de cultivo dun vangardismo arrefecido pola crise da ideoloxía do progreso e arrefecido pola represión franquista dos anos 60, nace como escritor Anxo Rei Ballesteros.

Ecós serodios das vangardas chegaban a Compostela cando os ollos de Anxo furaban a penumbra das librerías á procura de luces que viñan de lonxe. No ano 1969, o Living Theatre de Julien

Volveu aparecer

—¿Que?

—¡A eternidade!

É o mar, que se foi co sol.

Rimbaud

Beck e Judith Malinas sufría a prohibición de *Paradise Now* no Festival de Teatro de Avignon; nese ano H. Marcuse, en *Un ensaio sobre a liberación*, propoñía unha estetización xeral da realidade que fixese carne á *promesse de bonheur* contida na arte; e talvez nese mesmo ano Ballesteros perfeccionaba o seu francés lendo *O erotismo*, de Bataille, polifacético escritor que, xunto a M. Blanchot, exercería unha profunda influencia no escritor de Boqueixón, especialmente en *Non sei cando nos veremos*. Intelectual e afectivamente máis preto do remuíño contestatario procedente de París, de Berlín e de Berkeley que do leninismo e nacionalismo ao uso na esquerda da época, Anxo fai da indistinción, da negación do tempo lineal e da abolición da diferenza entre pensar e actuar, os seus obxectivos existenciais. Pero Anxo non era un vangardista ao pé da letra, pois xa nese tempo aprende de A. García Calvo e de Heráclito de Éfeso que un escritor se achega tanto máis á orixe canto máis lle presta voz ao *logos* común que nos fala e nos pensa e tanto máis se afasta dela canto máis fala a esclerotizada lingua da Realidade, por moi “orixinal” que sexa a súa máscara.

Antes vangardista que nacionalista, cando decide escribir en galego, reconverte o seu vangardismo nunha reivindicación positiva da temporalidade propia da Galicia tradicional. Así, a pretensión de abolir o tempo no tempo, de procurar a continuidade no Ser a través da embriaguez, do erotismo e, en xeral, do exceso, ben que non desaparece da súa vida e da súa obra, deixa paso a unha celebración do *kairos* ou tem-

poralidade comunitaria (o tempo da seitura, o tempo da colleita...), na que cada cousa ten o seu tempo e hai un tempo para cada cousa. É entón cando escribe *Tempo e vinganza*, magnífico ensaio sobre un Hamlet lido en clave de contraposición entre tempo moderno e tempo tradicional, como factor explicativo das decisións existenciais que tecen a urda da traxedia de Shakespeare.

Excéntrico verbo de modas e centros de decisión literarios, Anxo Rei Ballesteros aínda tivo tempo de escribir *Non sei cando nos veremos*,

trama política que mostra o carácter non teórico das decisións éticas que nos afastan da barbarie. E será tamén nesa novela onde apareza o tema do exceso, vello demo familiar, presente neste seu artigo “Exaltación da peste”, que sen dúbida houbese reaparecido na súa vida e a súa obra, se o implacable ritmo da marea que nos leva e nos trae non o tivese abeirado no descanso do tempo ■

## Exaltación da peste

ANXO A. REI BALLESTEROS

Actualmente non hai xornal, revista ilustrada, programa de radio ou televisión onde, cando menos o necesitamos, non nos atopemos coa Voz da Meiciña, desaquedándonos co marmurio das súas veladas ameazas, dictándonos en nome da saúde, as regras de conducta que debemos observar pra obtermos a recompensa bíblica dunha existencia prolongada e cobardemente ao abrigo de toda tempestade. Non fumes, non bebas, evita esto ou aqueloutro, regula a túa vida sexual segundo os modernos códigos por nós elaborados. Non bebas alcohol (oh, lá la...!), pero, sobre todo, non bebas *demasiado*. Sé moderado en todo: este sería o mandamento principal no que se pode resumir o decálogo científico do rendimento e da subsistencia: na razonable prohibición de cometer excesos. [É] nesas ocasións precisamente, cando a voz do médico nos chama, entre previsor e paternal, ao orde, cando un, dando un gulapo derradeiro ao oitavo cubalibre e aspirando con reencontrado placer o fume espeso e rece[n]dente —deliciosamente mortífero— da súa paipa ou do cigarro, fai unha pausa pra desexar, para invocar solenemente, unha vez máis, a Peste: que veña a peste, unha nova peste, purificadora e virulenta como antano; parecida a aquela que, con exuberancia maxestosa, tapizara as ruas europeas coa alfombra alucinante de cincuenta millóns de vítimas. A ver se así, a Meiciña, derrotada e desmoralizada no fracaso,

descobre, ante o incontable rebaño dos seus adoradores, o núcleo de resentimento e de horror á vida que segredamente a constitúe: o sórdido cultivo da poraxe disfrazada de saúde e o proxecto infame de perpetuar, a toda costa e a calquera precio[,] esa “saúde”, como se fose o Ben fundamental. Un aire mefítico, un langor senil e alangrado, mistura de kindergarden e de hospital de ancianos, contamina co seu cheiro nauseabundo as nosas sociedades. Trátase de conservar o máis posible a vida, unha vida modestamente reducida e que se escribe con minúsculas. Trátase de que poñamos en conserva as nosas vidas, convenientemente disecadas e cuidadosamente endurecidas por modernos métodos científicamente elaborados. Trátase de conservar a vida e[n] vez de consumila crúa, abrasados na erótica fogaxe da súa febre, acarexados na regalía xovial do seu frescor, da súa provocativa denuenza. Xa non nos estrevemos a vivir, por medo abxecto de morrer. Xa non nos estrevemos a gozar por terror vergoñento a padecer. [É] desta maneira como a Morte se instala nas nosas existenciais da man da Meiciña social e preventiva, moito antes da súa manifestación externa e radical.

[É] desta maneira como a morte señora as nosas vidas alfándoas prematuramente no intre mesmo da súa granazón. Por temor a morrer, xa non vivimos. Por un terror inícuo a padecer, xa non encontramos dentro nosa a espléndida

ousadía de gozar. Eso é a saúde tal como de feito a entende a nosa meiciña cristiana e occidental. Proíbese despachar morfina ou anfetaminas se o seu único destino vai ser intensificar o goce do individuo ou satisfacer os seus degaros loables de experimentar, ou saborear mesmo o risco e o perigo que toda aventura e todo experimento necesitan. Non; non para devolverlle o antigo esplendor á vida, non para facela máis deslumbrante e seductora, sinon soio en certos casos e unicamente para evitar a dor (proxecto fracasado, por outra parte —e sexa dito entre parénteses— na raíz mesm[a] dos seus plantexamentos: canto máis se quere evitar a dor, máis se sofre) é permitido recetar certas substancias. O grotesco paradoxo —como din os portugueses— da nosa meiciña ben se pode expresar así: “A enfermidade é un mal terrible, dado que nos impede gozar, con toda intensidade e plenamente, a vida. O gozar con toda intensidade e plenamente a vida é algo que ti non deberás facer, porque tal cousa vai perxudicar, sen a menor dúbida, a túa saúde. Ti, home estopelante e sobrado de saúde, non vivas con plenitude a vida —vive como se estiveras xa enfermo— para evitar, deste xeito, toda posible enfermidade. Trata de vivir como un convalecente, renunciando a todo “exceso”, se queres conservarte sano. Resulta así que a vida sana da meiciña e a convalecencia máis esmorecente veñen ser unha e a mesma cousa. Oferece á Morte o sacrificio constantemente renovado das túas “renuncias”, o saldo vil dos teus desistimentos, para tentar así de subornala —ou aplacala un tanto— e recibir, tal vez, o beneficio sempre incerto dalgún ano máis de duración, como recompensa de todos os instantes non vividos. Noxenta transacción que fede, de lonxe, suxamente, a comerciante. Conxélate, dura, ponte frío, hibernáete, enrixidécete ben no frigorífico, a ver se así podes durar aínda unha hora máis. Vive como un morto, ponte irto, para ver se así a Morte pasa de largo pola túa beira, enganada, tal vez, polas túas mañas sen tocarte, pensando que contigo xa non ten nada que facer. De calquera xeito, podes estar seguro de que a ti, a morte, non haberá nunca de matarche. Deterase un breve instante ao teu carón e limitarase a rematarte con desgana, un rictus de ironía e de desprecio insinuándose apenas nos vértices mudos do sorriso. Non existas, se queres perdurar e subsistir. Non goces, se non queres padecer.[”] Afortunadamente o fracaso de semellante proxecto é fatal e grotescamente inevitable: porque é precisamente esa saúde, esa renuncia dolorosa [á] vida, o que nos

fai sufrir e no[s] enferma. Porque é esa angurienta evitación da morte o que mata en nós toda alegría de vivir e que nos mata: nos mata ignominiosamente, como a años dóciles, se[n] furia e sen combate: limítase, con noxo e con disgusto, resignadamente, a rematarnos.

## A saúde como a nosa pior enfermidade

Se non trata de facer, nen moito menos, unha cándida exaltación da doenza que vaia en detrimento do prestixio estoxante da saúde. Trátase de facer ver, máis ben, que tanto a palabra “saúde”, na súa significación médica contemporánea, como a verba “enfermidade” son termos correlativos para designar dúas fases, diferenciadas vagamente, dun mesmo mal indivisible: a meiciña contemporánea como tal e os criterios que conforman, implícitamente, a súa actitude negativa fronte [á] vida; actitude que a sociedade, con tanta *boa alma* como por ahí anda solta, preocupada de que non nos alcoolicemos (*beba Kas y nada máis*) ou dos efectos nocivos da nicotina ou do cannabis[,] comparte na súa inmensa —na estupidez inmensa— da súa inmensa maioría.

Soio o virtuoso peca. Soio pode pecar aquel que sexa previamente virtuoso. E canto máis grande sexa a virtude que un decida padecer, máis difícil lle será reconocerse, anque namáis sexan dez segundos, con certeza, enteiramente libre de pecado. A virtude é pois o estado pecaminoso por excelencia. Ela é, en sí mesma, a mancha e a fonte cenaguenta de todo posible pecado. Por eso no fondo da súa alma todo virtuoso se sabe hipócrita —non pode ser de outra maneira— e sábese atrozmente, incomensurablemente, impuro e pecadento. Canto máis virtuoso sexa, de máis pecados se acusará. Esta é a trampa e o paradoxo cristiano da virtude: que ela é en sí mesma o Mal; a segreda orixe de todo pecado. Pois, de igual xeito, podemos decir que a saúde, esa saúde da Meiciña, é o estado mórbido, o estado convalecente *par excellence*, a causa e a fonte de toda enfermidade. E a enfermidade, compre non esquencelo, non é máis que a protesta visible i exterior do noso corpo, contra dese estado mórbido no que o obrigamos a vivir e que damos en chamar saúde. Tanto ten decir que a enfermidade ou a doenza é a consecuencia directa da saúde, como afirmar que a saúde é, ela mesma, a nosa máis doente enfermidade. Nambos os dous casos —o da virtude e o da saúde— esíxelle ao individuo, ameazándoo con algunha sanción futura (o purgatorio dunha longa e terri-



Fotografía: Juan Carlos Navarro

ble enfermidade ou o inferno da morte tan temido) que renuncie á vida como derroche, exceso, luxo e intensidade; como exercicio cruento da voluptuosidade e da poesía: como desenfreno, como violencia, como paixón: como vértigo ilimitado no que o individuo soberano quere sucumbir. Esa renuncia supón o aforro dunha determinada cantidade de *energeia* que, como toda forza posuída e non usada, revírase hostilmente contra do propio individuo baixo a forma negativa dun mal ou dun castigo: como interiorización angurienta da culpa e da conciencia de pecado no caso máis antigo da moral, ou como trastorno psicolóxico ou alteración somática no caso moderno da saúde. (“Salus”, en latín, significa salvación ademais de saúde). Sade, Nietzsche e Freud —por non citar o caso máis recente de Bataille— souperon velo por todos os que quixeron ignoralo. Tamén Scott Fitzgerald cando, nunha das súas novelas máis fermosas, escribú: “Resulta evidente que toda vida é un proceso de demolición”. Resomindo: é por pecar

demasiado pouco polo que un se sente particularmente pecadento. I é por non gastarse abondo, por vivir como un convalecente, polo que un enferma. E a primeira enfermidade que agarra xa sabemos nós cal é: a máis infame e a máis mortal de todas: a doenza espantosa da saúde ■

Publicado en *Galicia-80* 1, febreiro 1980, pp. 16 e 20.

Cando se observou algún erro de imprenta, a emenda figura entre parénteses rectas.